

	XUNTA DE GALICIA PRESIDENCIA Secretaría Xeral para o Deporte
Entrada	
Salida	1983
Data	17 JUL. 1995

REFERENCIA : PR946A 95/83-0

SOLICITANTE: SOCIEDADE DEPORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS

DOCUMENTO : PR946A.601


NOTIFICACION DA RESOLUCION

Notifícase que por Resolución de 14 de xullo de 1995, do Ilmo. Sr. Secretario Xeral para o Deporte, dada de conformidade coa Lei 10/1990 Xeral do deporte (B.O.E - 17-10-1990), e Ordes de 17 de Maio de 1983 (D.O.G.) de 3-6-83) e de 20 de Novembro de 1986 (D.O.G de 5-12-86), e demais normativa aplicable, ese Clube foi inscrito no Rexistro de Clubes, Federaciós e Entidades Deportivas de Galicia, co nº 4732.

Así mesmo, e a tenor do establecido no artigo 9º da Orde de 17 de maio de 1983, deberán comunicar e solicita-la inscripci3n neste Rexistro, dos cambios e alteraci3ns dese clube que se produzan con relaci3n 3s datos consignados (cambios na Xunta Directiva, cambio de denominaci3n, modificaci3n dos Estatutos, enderezos sociais, etc..).

Achégaselle, para constancia e arquivo na Secretaría dese Clube Deportivo, copia dos Estatutos sociais, Acta Fundacional, e relaci3n da Xunta Directiva.

Santiago, a 17 de xullo de 1995.



[Signature]
Belarmino García Martínez

SR. PRESIDENTE DA SOCIEDADE DEPORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS

Falta Solicitudo y Campo.

ACTA DE APROBACIÓN DE ESTATUTOS DE LA SOCIEDAD DEPORTIVA SANTA
CRUZ DE MONTAOS.

Dona PILAR LISTE NOYA

Secretario de la agrupación deportiva "Sociedad Deportiva Santa
Cruz de Montaos".

CERTIFICA:

Que en asamblea General de esta agrupación deportiva celebra-
da en Santa Cruz de Montaos, el día 23 de Enero de 1.995, se
aprobaron los Estatutos por los que se regirá la mencionada
agrupación Deportiva.

Para que conste, firmo el presente en Santa Cruz de Montaos
a veintitres de enero de mil novecientos noventa y cinco

P. Liste Noya



E S T A T U T O S

CAPITULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 1º.- A SOCIEDAD DEPORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, da que o obxecto exclusivo será o fomento e a práctica da actividade física e deportiva, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.- A SOCIEDAD DEPORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS practica-
rá como principal modalidade deportiva a de FUTBOL e afiliarse á Federación Galega de Fútbol, que someterá estes Estatutos á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.


A SOCIEDAD DEPORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS practica-
rá as modalidades deportivas de _____
para o que funcionarán as seccións deportivas correspondentes,
que se adscribirán ás respectivas Federacións.

A xunta Directiva poderá acorda-la creación de novas seccións para a práctica de outras modalidades deportivas, debendo adscribirse ás correspondentes Federacións.

Artigo 3º.- A SOCIEDAD DEPORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS someterase ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limita-
cións:

a) Non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comer-
ciais, profesionais ou de servizo nin exercer actividades da
igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios.
Os seus ingresos aplicaranse íntegramente.

b) Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo
dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos
ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus
asociados.



c) A SOCIEDAD DEPORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS poderá gravar ou enaxenar bens inmoables, tomar cartos a préstamos e emitir títulos transmisibles representativos de deuda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra cos seguintes requisitos:

1. Que tales operacións sexan autorizadas por maioría de dous tercios dos socios presentes representados na Asamblea Xeral extraordinaria.


2. Que ditos actos non comprometan de maneira irreversible o patrimonio da entidade ou a actividade Físico-deportiva que constitúa o seu obxeto social. Para a axeitada xustificación deste extremo poderá esixirse, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número o oportuno dictame económico-actuarial.

3. Cando se trate de tomar cartos a préstamos en cuantía superior ó 50% do presuposto anual ou que represente unha porcentaxe igual o valor do patrimonio, así como nos supostos de emisións de títulos, requirirá informe da Federación e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

artigo 4º.- A SOCIEDAD DEPORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS poderá recibir libremente doacións que non excedan da cantidade de 500.000 pts. no suposto de doacións que superen esta cantidade, será necesaria autorización expresa da secretaria Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.

Artigo 5º.- o domicilio Social fíxase na rúa A IGLESIA ("BAR A CURVA") nº S/N Piso Poboación SANTA CRUZ DE MONTAOS Concello ORDENES Provincia LA CORUÑA, debendo, en caso de variación dar conta á Secretaría Xeral para o Deporte de Xunta de Galicia.

A SOCIEDAD DEPORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS, tamén contará cos seguintes locais e instalación propias:



CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISIÓN, DEREITOS E OBLIGACIÓNS

Artigo 6º.- O número de socios será ilimitado; a Xunta Directiva poderá suspender, sen embargo, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios aspirantes e familiares.

Artigo 7º.- Son socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cuota social establecida.

Os menores de 18 anos de un e outro sexo calificaranse como socios aspirantes, tendo dereito o uso das instalacións sociais mediante a cuota que fixa a Comisión Directiva, e pasarán automáticamente a ser socios de número ó cumprir a maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a comisión directiva confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con él no mesmo domicilio.

Artigo 8º .- Primeiro: Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuir ó cumprimento dos fins específicos da Asociación.
- b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, normas de desenvolvemento das mesmas e ó establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente da Asociación.
- d) Coñecer as actividades da Asociación e examinalas a súa documentación, previa petición razoada da Xunta directiva.

- e) Expoñer libremente no seo da Asociación.
- f) Ser elector e elexible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

Segundo: Son obrigación dos socios de número:

- a) Abona-las cuotas que esixa a Xunta Directiva.
- b) Contribuir ó sostemento e difusión do deporte ou deportes da sociedade.
- c) Acatar cantas disposición dicte a Asamblea Xeral, a Xunta Directiva ou os membros da mesma, para o bon goberno da Sociedade.

Terceiro: Os socios aspirantes terán dereito a disfrutar dos servicios e instalacións sociais da Asociación.

Cuarto: Os familiares dos socios de número terán dereito a disfrutar daqueles servicios e instalación que se determinen previo pago da cuota fixada.

Artigo 9º.- Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:

- Ter idade sinalada para cada unha delas.
- Solicitude por escrito dirixida á Xunta Directiva.
- Satisface-la cuota de ingreso correspondente.

Artigo 10º.- A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pago das cuotas sociais durante tres meses consecutivos.

CAPITULO III

ORGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO

Artigo 11º.- Son órganos de representación e goberno da SOCIEDAD DEPORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS, a Xunta Directiva e a




e a Asamblea Xeral.

Artigo 12º.- Primeiro: A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte. Ó fronte dela haberá un Presidente e formarán parte da mesma un Secretario e un Tesoreiro.

Segundo: O Presidente da Xunta directiva e, no seu defecto, aqueles outros membros da mesma que determinen os estatutos, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executa-los acordos Válidamente adoptados pola Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.

Terceiro: Corresponderán á Xunta Directiva as seguintes atribucións:

- a) Mante-la orde e a disciplina na Sociedade, así como nas competición que se organicen.
- b) Convocar, por medio do seu Presidente, a Asamblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.
- c) Sinala-las condicións e forma de admisión de novos socios, así como as cuotas de ingreso e periodicas que deban satisfacerse.
- d) Redactar e reforma-los Regulamentos de Réxime Interior, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.
- e) Nomea-las persoas que vaian dirixi-las distintas comisions que se crean, así como organiza-las actividades do Club.
- f) Formular inventario e balance anual, así como redacta-la memoria anual da sociedade e, en xeral, aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte.



Artigo 13º Primeiro: A Xunta Directiva quedará válidamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En Segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso, do Presidente ou Vicepresidente.

Segundo: Á Xunta Directiva convocarase pola súa Presidencia con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración. Tamén poderá convocarse a petición de tres ou mais dos seus membros.

Artigo 14º.- A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída cando estean presentes tódolos seus membros, anque non se fixera convocatoria previa.

Artigo 15º.- Primeiro: O Tesoreiro da Xunta Directiva será o Depositario da Asociación, firmará, os recibos e autorizará os pagos e levará os libros de Contabilidade.

Segundo: Será obrigación do Tesoreiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se poñeran en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º.- O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o libro de Rexistro de Asociados e o Libro de Actas.

Artigo 17º.- A elección dos membros da Xunta Directiva efectuarase por un período de catro anos, coincidindo con períodos Olímpicos.

Artigo 18º.- Primeiro: A assemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos seus socios de número.

Segundo: As Asambleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en pri-

meira convocatoria cando concorran nela, presentes ou representa-
dos, a maioría dos seus asociados. En segunda convocatoria,
será suficiente a concorrencia dunha cuarta parte dos asociados.
Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a súa celebra-
ción haberá de mediar, ó menos, quince días naturais.

Artigo 19º.- A Asamblea Xeral convocarase polo Presidente a
iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou do dez
por cento, ó menos, dos socios de número.

1. A Asamblea Xeral reunirase con carácter ordina-
rio polo menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio,
rendición de contas e aprobación, se procede.
- b) Presuposto para o exercicio seguinte.
- c) Proxectos e propostas da Directiva.
- d) Proposición que formulen os socios e que deberán ir firmadas,
polo menos, polo quince por cento dos mesmos.
- e) Rogos e Preguntas.

2. Debera celebrarse Asamblea Xeral extraordinaria
para a modificación dos Estatutos, elección da Xunta Directiva,
tomar diñeiro a préstamo emisión de títulos representativos
de deuda. ou parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens
inmóbles e fixación das cuotas dos socios.

CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º.- O réxime documental da Asociación constará dos
seguintes libros: de Asociados, de Actas e de Contabilidade.



Artigo 21º.- No Libro de Rexistro de Asociados deberán constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade, profesión, e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación. Tamén se especificarán as datas de alta e baixas e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 22º.- Nos Libros de Actas consignaranse as reunións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas firmaranse, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º.- Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigações, ingresos e gastos da Asociación, debendo precisarse a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPITULO V

SECCIONS DEPORTIVAS

Artigo 24º .- Cando a Xunta directiva acorde a práctica dunha modalidade deportiva creará a Sección correspondente, que haberá de ser afiliada á Federación que proceda.

Artigo 25º .- Cada sección deportiva ocuparase de tódolo relativo á práctica da modalidade deportiva correspondente, baixo a coordinación e superior dirección da Xunta Directiva.

CAPITULO VI

DA EMISIÓN DE TÍTULOS DE DEUDA OU DE PARTE ALÍCUOTA PATRIMONIAL

Artigo 26º.- A SOCIEDAD DE PORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS poderá emitir títulos de deuda ou de parte alícuota patrimonial. Os títulos serán nominativos.

Artigo 27º .- 1. Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto a Asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

2. En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, no seu caso, o interés e prazo de amortización.

Artigo 28º.- Os títulos de deuda só poderán suscribirse polos asociados e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, salvo a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 29º.- Os títulos de parte alicuota patrimonial serán, asimesmo suscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30º.- Os títulos de deuda e parte alicuota patrimonial serán transferibles unicamente entre os que teñan a condición de socios.

CAPITULO VII

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE

Artigo 31.- Os presentes Estatutos só poderán modificarse, reformarse ou derogarse por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto, mediante votación favorables dos socios de número asistentes.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas, os mesmos trámites administrativos que para a súa aprobación.

Artigo 32.- A SOCIEDAD DEPORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS extinguiase ou disolverase por acordo da Xunta Directiva, ratificado pola Asamblea Xeral Extraordinaria que se celebrará a tal fin, cun mínimo das dúas terceiras partes dos socios de número asisten-

tes.

Artigo 33º.- Disolta a SOCIEDAD DEPORTIVA SANTA CRUZ DE MONTAOS o remanente do seu patrimonio social, se o houbera, reverterá á colectividade comunicándose tal disolución á Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega, que acordará o destino de ditos bens para o fomento e desenvolvemento das actividades físico-deportivas.

[Signature]

Javier Gomez
[Signature]

[Signature]

[Signature]

